

Fronda

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 65

ano 11

xullo-agosto 2016

Centenario do nacemento de Camilo José Cela CELA, RISCO E PASCUAL DUARTE

Camilo José Cela

Villa Clorinda

Puerto Pollensa, Mallorca, 30.VI.55.
Sr. Don Vicente Risco
Santo Domingo, 47.
Orense.

Meu querido e admirado don Vicente,

Moitas gracias pol-a súa carta do 22 e pol-a longa e cumprida nota que me fixo chegar. Eu penso que, no "Vocabulario de 'La catira'", poderei deixar ben sentado que a verba que nos ven ocupando, en todas as súas acepcións, ten, no uso vixente, un orixe craramente galego. Xa veremos o que podo facer.

Ora traballo n-unha novela corta, inda sin nome, e cando bote do medio algunhas cousiñas que me chean o tempo e a atención, veréi de meteme c'o "Vocabulario" de que lle falo, co'a ilusión de salir a o paso de tanto parvo, tolo e malnacido como teño, e tendréi, que sufrir. As horas inda non me pesan e pra min teño que estou n-unha boa idade pra-a loita. Pida por min cada mañán, meu don Vicente, a-os bos e xenerosos dioses do noso ceo. Que-eles me protexan de todo mal e me preserven do conformismo. Amén.

Esta carta asinada por **Camilo José Cela** e dirixida a **Vicente Risco** forma parte dunha serie de misivas que o autor de *La colmena* lle enviou ao intelectual ourensán, xa que lle pediu que traducira ao galego o seu primeiro éxito, *La familia de Pascual Duarte* (1942), en vistas a editala por vez primeira nesta lingua.

Cela era entón un autor consagrado nas nosas letras e a piques de ingresar na Real Academia Española (1957), cando escolle para as súas vacacións a illa de Mallorca. Alí comeza escribir *La catira*, novela á cal fai referencia a misiva. Trátase dunha obra encargada polo goberno venezolano (a ditadura de Marcos Pérez Jiménez), que pagou ao escritor tres millóns de pesetas da época, ademais dunha viaxe a gastos pagos polo país para documentarse. Mais foi acollida con friaxe polos venezolanos xa que non se sentiron representados. A crítica española considerouna de escasa calidade, evidencia de tratarse dunha obra por encargo. A pesar disto recibiu o Premio da Crítica en 1956.

O máis destacado de *La catira* é, en palabras de Gregorio Marañón, ilustre defensor "á contra" da obra, «la capacidad idiomática tremenda» no uso dos venezolanismos; perceptible nesta carta.

Nela tamén comenta a súa intención de escribir sobre a súa terra, coa que considera que ten unha débeda, prexaxiando desta maneira a **triloxía galega** que verá a luz tres décadas despois, composta por *Mazurca para dos mortos* (1983), *La cruz de San Andrés* (1994) e *Madera de boj* (1999):

¿Cando poderei ter a sorte, que busco e non a atopo, de novelar o noso mundo galego (...)? (...) Algunhas noites eu penso que xa vai sendo tempo de pagar a miña deuda co' país. E algunhas noites choro, quedo e suspenso, co'a concenza tranquila de que inda non podo facer a miña vontade. Mais todo chegará.

Remata a carta preguntando polos avances da tradución do "Pascual Duarte", proceso que naquel momento duraba xa dous anos, marcados pola inestable saúde de Vicente Risco.

1955, xuño, 30. Mallorca
Carta remitida por Camilo José Cela a Vicente Risco, relativa á tradución do *Pascual Duarte* e outros aspectos literarios.
Orixinal, mecanografado, galego, 217 x 277 mm
AHPOu, Fondo Martínez-Risco, C. 9745/190

Camilo José Cela: vida e obra

Camilo José Cela naceu o 11 de maio de 1916 en Iria Flavia (A Coruña), onde transcorreu a súa infancia feliz ata o traslado da familia en 1925 a Madrid, onde o seu pai, do Corpo Técnico de Aduanas, abriu unha academia. A adolescencia estivo marcada por unha tuberculose pulmonar (1931-1932) que lle obrigou a un repouso trufado con longas sesións de lectura; experiencia que logo reflectiría en *Pabellón de Reposo* (1943).

Iniciou a carreira de Medicina na Universidade Complutense de Madrid (1934), pero abandonouna para asistir de oínte á Facultade de Filosofía e Letras. Alí recibiu o estímulo literario do poeta **Pedro Salinas**. Ao tempo establecía relación coa intelectualidade madrileña. Pasou a Guerra Civil no bando nacional. Foi ferido e hospitalizado; e concluíu a súa primeira obra, o libro de poemas *Pisando la dudosa luz del día*, que publicará moito despois.

Na década dos 40 desenvolverá unha grande actividade. En 1940 ingresa na Facultade de Dereito, momento das súas primeiras publicacións. En 1942 aparece *La familia de Pascual Duarte*, éxito de crítica cuxa crueza chocaría coa Igrexa e a censura. Pouco despois abandona os estudos xurídicos para dedicarse profesionalmente á literatura. Contrae matrimonio con María del Rosario Conde Picavea e nace o seu único fillo, Camilo José Cela Conde. Realiza dúas exposicións coas súas pinturas e publica *Viaje a la Alcarria* xunto co *El cancionero de La Alcarria*.

Nos 50 publica en Buenos Aires a súa gran obra *La colmena* (prohibida en España); establece a súa residencia en Mallorca onde edita a revista *Papeles de Son Armadans*, e será elixido membro da Real Academia Española. Destacan na súa produción posterior as novelas *Mazurca para dos muertos* e *Cristo versus Arizona*. Foi distinguido cos premios Príncipe de Asturias das Letras (1987); **Nobel de Literatura** (1989), e Miguel de Cervantes (1995).

Na Transición (1975-1982) foi senador por designación real nas primeiras Cortes democráticas, participando na revisión do texto constitucional elaborado polo Congreso. En 1991 casou con Mariña Castaño. En 1996, o rey don Juan Carlos I concedeulle o título de Marqués de Iria Flavia. Faleceu en Madrid o 17 de xaneiro de 2002.

A tradución galega de Pascual Duarte

Na serie de once cartas conservada no AHPOu queda reflectido parte do proceso de elaboración da tradución galega de *La familia de Pascual Duarte*. A maioría das cartas están mecanografadas (agás unha) e escritas en castelán, a excepción da que reproducimos no anverso, considerada como o **primeiro uso escrito da lingua galega** que se coñece na produción celiana.

A xénese da tradución para o galego do éxito de Camilo José Cela foi un proceso longo, iniciado en 1952 e rematado en 1962, cando por fin sae do prelo na imprenta

do *Faro de Vigo*, grazas ao traballo editorial de Francisco Fernández del Riego, a quen Cela lle confía o encargo dende a distancia co apoio do seu irmán Jorge.

Pasan, polo tanto, dez longos anos de traballo e vicisitudes dende que Cela lle propón a Otero Pedrayo (que prologará a obra) a idea, até que esta ve finalmente a luz. Cómpre destacar que nun primeiro momento o escritor padronés intenta levar a cabo a tradución por si mesmo, pero logo desiste e decide poñerse en contacto con Vicente Risco. Na primeira carta que lle escribe, datada o 3 de xaneiro de 1953, explícallo:

Pero, y aquí mi súplica, nadie encontraba, salvo usted, que fuera capaz de verter a nuestra lengua, a nuestra difícil y sutil lengua, mis páginas con una total garantía intelectual y literaria. Y esto es lo que le pido. Piense, mi querido don Vicente, que una negativa por su parte en nada iba a entibiar ni mi admiración, ni mi cariño, ni mi respeto. Piense también, (sic) que su aceptación habría de colmar todas mis aspiraciones. Y nada más le digo.

Espero sus noticias con ansiedad. Y confío en que su buena disposición de ánimo hacia mí habrá de hacerme más fácil el camino.

E nada máis. Dispoña sempre do seu devoto amigo e admirador que lle manda súa mellor e máis forte aperta,

Sinatura autógrafa de Camilo José Cela ao remate da carta do 30 de xuño de 1955 dirixida á Vicente Risco.
AHPOu, Fondo Martínez-Risco, C. 9745/190

Risco acepta o encargo, que, principalmente por motivos de saúde, non conclúe até outubro de 1955. Comeza logo o longo proceso de edición da obra, como xa dixemos, en mans de Fernández del Riego, que remata coa publicación de tres edicións: dúas para bibliófilos, unha delas asinada polo autor, con ilustracións de Rafael Zabaleta (inicialmente pensárase en Laxeiro) e outra corrente, con ilustracións de Xohan Ledo.

O Fondo Martínez-Risco no Arquivo Histórico Provincial de Ourense

A serie de cartas ás que facemos mención neste número de Fronda atópanse no fondo da familia **Martínez-Risco** do Arquivo Histórico Provincial de Ourense, concretamente na sección dedicada a Vicente Risco. Consérvase un gran número de misivas entre o escritor e a intelectualidade galega da época, ademais doutros documentos de carácter persoal. Complementariamente, son de grande interese para a súa consulta os fondos da **Fundación Vicente Risco** de Allariz, **Fundación Pública Camilo José Cela** en Iria Flavia e a **Fundación Penzol** en Vigo.

galici@

ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL
Rúa Hernán Cortés 2, 32005 Ourense
arq.prov.ourense@xunta.es



XUNTA
DE GALICIA

Texto: Pablo Sánchez Ferro e Paula Vázquez Ramos, D.L. OU 67/2006, ISSN 2659-3491